



A MULLER CONSERVADORA LUCENSE: DO LABOR SOCIAL Á ORGANIZACIÓN DA DEREITA POLÍTICA (1931–1933)

Marcos Villares Díaz*

A proclamación da Segunda República o 14 de abril de 1931 colleu desprevida a toda a dereita española. No caso de Lugo, boa parte das personalidades máis relevantes da mesma pasaron a integrar as filas de partidos políticos que incorporaron ás súas siglas a adhesión á nova forma de Estado –como por exemplo, a Dereita Liberal Republicana¹– xa que coidaban que a estrutura de poder característica da España de aquel entón non mudaría coa chegada da República. Porén, as reformas introducidas polo goberno republicano-socialista situáronos rapidamente na oposición, tendo por obxectivo o derrubamento do mesmo. Non obstante, a inevitable desorganización que padecían como consecuencia da súa falla de previsión ante un posible cambio de réxime, freou todo o proceso encamiñado para a toma de poder. De feito, os elementos masculinos da cidade amurallada careceron do impulso organizativo necesario até mediados do ano 1933². Polo tanto, o estímulo que configurou a dereita política en Lugo procedeu dun grupo de mulleres fortemente ligadas coa relixiosidade local³. Este conxunto de mozas –a práctica totalidade, de clase media ou alta– desenvolveran un importante labor social e benéfico no Lugo dos anos vinte, agrupadas en asociacións de innegable índole

confesional tales como a *Acción Católica de la Mujer*, *la Gota de Leche* o las *Damas Catequistas*. Aínda que cómpre non esaxerar o labor realizado por estas mulleres, orientado principalmente á recollida de sinaturas, propaganda, elaboración de cartas e protestas, captación de votantes, preparación dos actos da rama masculina, etc., parte da historiografía sostén que a *Agrupación Femenina Lucense* gozou de autonomía á hora de dispor os seus asuntos xa que foi a única organización dependente de Acción Popular que mantivo a propaganda en solitario dende 1932⁴.

Por regra xeral eran familiares directos –esposas, irmás, cuñadas– dos homes que integraban o partido masculino. Resulta obvio que a estrutura que crearan as mulleres en torno ás asociacións relixiosas nas que colaboraban tivo unha influencia notable no rápido e correcto funcionamento das seccións femininas. Porén, a simple verificación de que na súa práctica totalidade os postos relevantes das xuntas directivas eran copados por consanguíneos invítanos a xulgar que pesou máis o lazo de parentesco que o nivel de habilidade á hora de determinar o reparto da esfera de influencia.

Nas vindeiras páxinas procederemos a explicar a inxente tarefa coordinadora e organizadora emprendida por estas mulleres conservadoras na

* (Licenciado en Humanidades. Máster en Historia Contemporánea).

¹GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*, A Coruña: Edicións do Castro, 1998, páx. 49.

²*Ibidem*, páxs. 158-161.

³*Ibidem*, páxs. 102-106.

⁴*Ibidem*, páx. 131.

cidade de Lugo e, como a mesma, resultou vital para o triunfo electoral de novembro de 1933, data na cal retornaron ás súas tradicionais actividades benéficas e caritativas.

O primeiro que hai que sinalar é que, chegada a República, non foi inmediata a reacción das mulleres da cidade. Nin tan sequera da dereita política que integrarían meses despois tal e como se afirmou anteriormente. En Lugo concretamente, non temos noticias de actos de signo político até decembro de 1931, nunha conferencia impartida polo político salmantino Gil Robles tras aceptar unha invitación realizada por un grupo de mulleres católicas da cidade amurallada.

Deste xeito, durante estes oitos meses sería o catolicismo quen presentaría a maior resistencia. Foi a relixión por tanto quen as atraeu á batalla política. Así pois, protagonista privilexiada desta reacción nun primeiro momento foi a xerarquía católica, quen incitou a unha activa mobilización entre os seus acólitos contra as medidas adoptadas polo goberno⁵. Polo tanto a Igrexa capitaneou a oposición a través de todos os medios cos que contaba -“prensa *bien*”, sindicatos, etc.-, creando unha corrente de opinión que influíu excesivamente no pensamento dunhas mulleres católicas que xamais ousaron mostrar disensión algunha cos seus superiores confesionais.

Nalgúns casos a Igrexa empregou tácticas non “excesivamente” limpas. Así pois, utilizáronse procedementos como a falsa propaganda -tamén desde o xornal local- para deslexitimar ao contrario e provocar unha reacción entre a poboación de Lugo. Deste xeito, irrompe en plena campaña electoral⁶ a suspensión do Sindicato Católico Agrario durante vinte días como consecuencia da distribución, polos pobos da provincia⁷, de folletos mandados pola Xunta de

Acción Católica⁸, nos que se tachaba aos socialistas de comunistas⁹. A importancia desta noticia radica en que no Sindicato anteriormente citado, estaban a ocupar postos de relevancia os familiares directos -irmáns, maridos, pais, cuñados- das mulleres católicas lucenses. Devanditos parentes, que eran sen ningunha dúbida as personalidades dereitistas de maior envergadura social e económica da cidade¹⁰, clarificaron a súa toma de posición contraria á República desde o primeiro instante, tal e como se comproba coa creación dunha Asociación de defensa agrícola¹¹ e dunha Asociación de propietarios da provincia de Lugo¹², en agosto e setembro de 1931 respectivamente. No entanto, aínda habería que esperar até xullo de 1933 para a creación da rama política masculina do partido católico lucense.

Estas noticias que recolleemos constatan que en Lugo bulía unha certa inquietude confesional -e económico-social- ante o transcórren dos acontecementos dos primeiros meses do réxime republicano. Boa conta diso achégao a comisión integrada por corenta persoas que, en setembro de 1931, visitou ao Presidente da República española para protestar contra o que consideraban política antirreligiosa do Goberno, exhortando a que se suprimisen do proxecto Constitucional todos os artigos contrarios á Relixión¹³. Non é difícil imaxinar que devandito grupo estivese integrado por familiares directos das mulleres de dereitas máis representativas da localidade, e mesmo

⁵Diario *El Progreso*, 30 de maio de 1931, pág. 2.

⁶Diario *El Progreso*, 30 de maio de 1931, pág. 2. Carta dirixida ao Progreso por Luís Sánchez Arrieta, presidente da Federación Católico-Agraria, a cal di que é unha organización económica social sen ningún interese político (allea a toda tendencia política). Comenta que a suspensión de 20 días foi levantada e que ao día seguinte do rexistro do local tanto a Federación como o Sindicato poden seguir coas súas actividades. Á súa vez, aclara que en ningún momento se trataban de folletos críticos co socialismo xa que eran anacos da obra *Así é Moscova* de Monsieur Douillet.¹⁰ Integran a Asociación de propietarios da provincia de Lugo algunhas persoas que ocuparían cargos durante o réxime Franquista: Eduardo Rosón López (vicepresidente primeiro) e Ramón Neira Pedrosa (tesoureiro). Este último presentouse na candidatura conxunción-monárquica polo terceiro distrito electoral (Miño) nas eleccións de abril de 1931 tal e como se comproba en *La Voz de la Verdad* do sábado 11 de abril de 1931, pág. 1.

¹¹Diario *El Progreso*, 11 de agosto de 1931, pág. 2.

¹²*La Voz de la Verdad*, 3 de setembro de 1931, pág. 6. Ínstase a organizarse “para la defensa de nuestros intereses, seriamente amenazados por el inconsciente radicalismo que hoy impera”.

⁵PRADA RODRÍGUEZ, Julio e CEBREIROS IGLESIAS, Ana: “Dios ante todo... Religión y movilización católica en la construcción del paradigma de mujer conservadora en los años 30. El caso de Galicia. URL: http://www.aeihm.org/sites/default/files/XV_Coloquio/Sesion4/Ana_Cebreiros.pdf, pág. 3.

⁶Eleccións a concelleiros do 31 de maio de 1931.

⁷Diario *El Progreso*, 29 de maio de 1931, pág. 1.

que algunha desas corenta persoas anteriormente mencionadas fose unha dama católica que nun futuro próximo ía ter un posto de responsabilidade nalgunha das seccións femininas dos partidos políticos confesionais. De feito, en toda España recolléronse, por parte de mulleres católicas, 1.401.900 firmas en sinal de protesta contra o proxecto de Constitución. A tan colosal cifra colaborouse desde Lugo cun total de 6.812 rúbricas, sendo a cidade de Mondoñedo a máis destacada da provincia ao ascender a suma á nada desprezable cantidade de 13.184 firmas¹⁴.

Ha de sinalarse que as mulleres foron quen lideraron as protestas que se sucederon entre xaneiro e maio de 1932, a medida que avanzaba a obra lexislativa do goberno republicano-socialista¹⁵. Será por aquel entón cando comece a florecer a creación das seccións femininas dos partidos políticos. No caso de Lugo non só encabezaron o descontento popular senón que tomaron as rendas da dereita política até a aparición do partido masculino, a pesar de que en novembro de 1932¹⁶, as *Juventudes de Unión Regional de Derechas (JURD)* comezaron a programar unha serie de conferencias¹⁷ e a colaborar no labor dunhas mulleres que configuraron o catolicismo político da cidade tal e como veremos nas próximas páxinas¹⁸.

En canto ao labor desenvolvido durante os albores do réxime republicano polas mulleres lucenses que integraron dita dereita política, hai que subliñar que estas continuaron coas tarefas caritativas e benéficas¹⁹ que lles eran características desde os anos vinte

principalmente. Así, impartían catequese nas principais parroquias da localidade²⁰; doaban roupa ou diñeiro a favor dos reclusos da prisión provincial²¹; elaboraban enxovais mensuais para recentemente nados en familias de escasos recursos económicos²², ademais de obsequiarlles cunha vestimenta -a través de organizacións como as *Juventudes Antonianas*²³-; inauguraban monumentos en honra ao Sacro Corazón de Xesús na parroquia de Castro de Rei²⁴, etc. É indubidable que a través destas tarefas de proselitismo as mulleres católicas tecían unha rede de influencia que atraía á súa causa a moitas mulleres de distinta clase social. A teor das noticias que se reflicten na prensa lucense do momento, devandito influxo era notable, xa que a cifra de nenos sen recursos aos que se lles auxiliaba con roupa elevábase a cento sesenta²⁵. Estes nenos, aos que se lles obsequiaba con pezas e comida, eran educados baixo a doutrina católica²⁶. Así, na prensa lucense sinálase o que segue²⁷:

“Las señoritas de la directiva y las celadoras de la capilla (...) enseñarán a los 74 niños, debidamente vestidos por ellas, como deben oír misa devotamente y acercarse con piedad a la Mesa Eucarística. Después de la Misa las citadas señoritas servirán a los indicados niños un abundante desayuno”.

Influíase, con todo, non só desde o punto de vista relixioso ou comunitario senón tamén político, pois a

¹⁴CARBALLO, Francisco e MAGARIÑOS, Alfonso: *La Iglesia en la Galicia contemporánea: análisis histórico y teológico del período 1931-1936, II República*, Madrid: Akal, 1978, páx. 394.

¹⁵PRADA RODRÍGUEZ, Julio e CEBREIROS IGLESIAS, Ana: “Dios ante todo. Religión...”. URL: http://www.aeihm.org/sites/default/files/XV_Coloquio/Sesion4/Ana_Cebreiros.pdf, páx. 3.

¹⁶Desde marzo de 1932, momento da súa creación.

¹⁷GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*... pp. 131-132. As JURD foron creadas en maio de 1932 (páx. 110 nesta obra).

¹⁸*Ibidem*, páx. 104.

¹⁹*La Voz de la Verdad*, 14 de xaneiro de 1932, páx. 8. Dise que un ano antes, “un grupo de señoras, conscientes de la necesidad de facilitar a los obreros enseñanza gratuita, en horas compatibles con los trabajos respectivos, fundaron la Escuela Nocturna Obrera”. Asisten a ela unha media de 180 alumnos.

²⁰*La Voz de la Verdad*, 30 de maio de 1931, páx. 7. Mercedes Sánchez Arrieta e María Barrio constan, entre outras, como catequistas da parroquia de San Pedro.

²¹*La Voz de la Verdad*, 24 decembro de 1931, páx. 6. Aportan diñeiro entre outros, Luis Sánchez Arrieta e a súa nai Petra Arrieta.

²²Diario *El Progreso*, 10 xuño 1931, páx. 2. Sinálase que máis de 3000 pesetas se inverteron este ano na elaboración do Enxoval mensual. Engádesse que son 54 señoritas Antonianas as que desinteresadamente confeccionan prendas e conseguen esmolos para soste a súa obra.

²³Arquivo Histórico Provincial de Lugo, *Fondos do Goberno Civil, Asociacións*. Sinaturas: 13035/19 (Juventud Antoniana).

²⁴*La Voz de la Verdad*, 20 setembro de 1931, páx. 8.

²⁵Diario *El Progreso*, 10 xuño 1931, páx. 2.

²⁶*La Voz de la Verdad*, domingo 27 de decembro de 1931, páx. 6. Dise que no día dos inocentes se lles concedeu roupa de inverno a 74 nenos, aos que habería que sumar outros tantos aos que o día de San Antonio, 12 de xuño, se lles outorgou vestidos.

²⁷Diario *El Progreso*, 10 xuño 1931, páx. 2.

súa misericordia cara aos máis desfavorecidos podería traducirse nun bo puñado de votos ou apoios para o seu proxecto. É máis, aínda que na súa maioría aquelas que se achegaban a estes labores tiñan unha posición acomodada²⁸, podería darse o caso de que a fascinación pola interacción directa coas mulleres de maior nivel económico da cidade xogase un papel destacado e explicativo do recrutamento de mulleres de todo estrato social.

Así pois, a acción social foi vital para tecer unha estrutura da cal aproveitarse á hora de organizar rapidamente toda a actividade desenvolvida desde as seccións femininas duns partidos que foron copados en gran parte por damas procedentes das anteriores asociacións amentadas. Agora ben, nalgún caso, como no que sucede en Lugo, levouse a cabo a fundación dunha sociedade de tipo caritativa mesmo despois da creación da organización feminina do partido católico. Iso ocorreu coa *Asociación Benéfica Escuela de Madres y la Gota de Leche*²⁹, creada a finais de xuño de 1932 e fundada, finalmente, o sétimo día do mes de xullo do mesmo ano, catro meses despois da constitución da *Agrupación Femenina Lucense*. Só con botar unha ollada á xunta directiva de ambas as dúas organizacións vemos a estreitísima vinculación existente entre as mesmas. Deste xeito, acaparan os postos de maior responsabilidade practicamente as mesmas mulleres, simplemente intercambiando as súas funcións. Así, Mercedes Sánchez Arrieta é a presidenta da *Agrupación Femenina Lucense* e vicesecretaria da asociación benéfica; Irene Montenegro Castro de Domínguez é a secretaria da primeira delas e presidenta da segunda; e Josefa Carro Crespo vicesecretaria no partido político e

vicepresidenta na organización caritativa³⁰. Resulta obvio por tanto que a actividade desempeñada na institución benéfica tiña un obxectivo político ademais dos estipulados nun regulamento que nos retrotrae a discursos case hixienistas. Desta forma, algúns dos propósitos que perseguían, e que aparecen reflectidos nos estatutos, son os que seguen³¹:

- A instrución das nais en todo o que se refire a hixiene persoal.
- As consultas semanais de nenos de peito (de 0 a 2 anos), o cal chama a atención pois se advirte que aquelas nais que falten tres veces consecutivas sen causa xustificada ás devanditas consultas, causarán baixa na Asociación. Iso móstranos o axustado seguimento realizado por unhas mulleres católicas que, máis aló da súa manifesta xenerosidade, conseguiron entretecer estreitos lazos coas capas populares da poboación lucense.
- As visitas domiciliarias por señoras e señoritas visitadoras.
- A subministración de leites, fariñas e demais alimentos infantís, en condicións apropiadas, a prezo reducido ou gratuitamente en casos especiais.

Finalmente, ha de remarcarse que, desde a dirección, premiaríase a aquelas nais que destacasen polo seu celo cos seus fillos e que, por tanto, reflectisen o ideal católico de feminidade nunha das súas vertentes, a maternidade.

En definitiva, as mulleres católicas de Lugo continuaron coas coordenadas que lle eran típicas anos antes, aínda que aos poucos foron introducíndose no combate diario contra a política do goberno republicano-socialista. Sería coa creación das asociacións femininas cando, indubidablemente, se incorporaron á loita absoluta.

²⁸ *La Voz de la Verdad*, 2 de xullo de 1932, páx. 6. Este carácter "elitista" da directiva da asociación benéfica compróbbase na celebración dos "thé" no Hotel Méndez Núñez, festas amenizadas por unha "afinada orquestra".

²⁹ Arquivo Histórico Provincial de Lugo, *Fondos do Goberno Civil, Asociacións*. Sinatura: 13042/37. Conforman o Patronato Administrativo da asociación as seguintes señoras e señoritas: Irene Montenegro Castro, de Domínguez (Presidenta); Josefa Carro Crespo (Vicepresidenta); Teresa Cora Sabater (Tesoureira); María González Fariña, viúva de Velarde (Secretaria); Mercedes Sánchez Arrieta (Vicesecretaria); Carmen Pardo Losada; Teresa Fernández, de Vega; Teresa Pardo Pallín, de Pedrosa Ulloa; y Mercedes Vázquez Fernández-Pimentel (vocais).

³⁰ Arquivo Histórico Provincial de Lugo, *Fondos do Goberno Civil, Asociacións*. Sinatura: 13042/37 (Asociación Benéfica Escuela de Madres y la Gota de Leche) e 13041/50 (Agrupación Femenina Lucense).

³¹ Arquivo Histórico Provincial de Lugo, *Fondos do Goberno Civil, Asociacións*. Sinatura: 13042/37.

As primeiras noticias referentes a unha organización política datan, tal e como se indicou nas páxinas anteriores, de finais do ano 1931³², cando no mes de decembro se produce un mitin³³ de José María Gil Robles en Lugo a petición do elemento feminino da localidade. A súa celebración, enmarcada nun contexto no cal Acción Nacional trataba de estender a súa visibilidade ao conxunto do país, obedecía a un dobre obxectivo: por unha banda, tentar que xerminase en Lugo unha formación política próxima ás teses do catolicismo político xa que era a única provincia galega onde non se creara por aquel entón e, por outro, atraer ás mulleres aos postulados do partido, consciente a súa cúpula de que a recentemente aprobada Constitución republicana habilitaba o dereito ao voto ás mulleres³⁴. Por iso, a conferencia, celebrada no teatro principal, versou sobre "*Los derechos políticos de la mujer en los momentos actuales*"³⁵.

Presidían o acto, ademais de José María Montenegro Soto e Ángel Carro Crespo³⁶, "las señoras dona Elisa López Pardo, de Latas; dona Ángela Sierra, de Varela; las señoritas de Martínez Pereiro, Josefa Carro, Mercedes Sánchez Arrieta y Carmen Saavedra Ascariz"³⁷, quen na súa inmensa maioría, uns meses máis tarde, crearon a *Agrupación Femenina Lucense* tras recoller a luva lanzada polo dirixente salmantino, o

cal as instou a organizarse politicamente "ante el nulo recibimiento al proyecto de Acción Nacional de los sectores conservadores masculinos"³⁸ da cidade.

Deste modo, o Estatuto da formación presentouse ao Goberno Civil da provincia o 19 de febreiro de 1932, nun período no que se estaban creando nas capitais de provincia galegas agrupacións femininas do mesmo signo político que a que aquí nos ocupa. En palabras do profesor universitario Emilio Grandío,

"las organizaciones femeninas (...) que se crearon en estos meses fueron consideradas como una apertura a la sociedad, pero (...) en su funcionamiento práctico no eran más que agrupaciones de señoras y señoritas con escaso poder autónomo, limitadas a determinadas actividades sociales"³⁹.

Con todo, a rama feminina lucense tivo unha tarefa moito máis complicada: organizar a dereita política confesional da cidade promovendo a fundación dun partido masculino. A constitución oficial da entidade feminina lucense e a elección da primeira Xunta directiva produciuse o 2 de marzo de 1932, curiosamente o mesmo día que se promulgaba a lei do divorcio en España. O destino quixo que desde o preciso instante da súa creación, as enerxías das afiliadas estivesen encamiñadas a presentar a máis acérrima das batallas. O domicilio social situouse na rúa San Pedro número 21, primeiro piso, o cal coincidía co de Anunciación López Casado, unha das vogais da agrupación⁴⁰. Por tanto, unha das militantes cedía a súa vivenda para levar a cabo as actividades relacionadas coa asociación, o cal sería habitual entre as ramas femininas doutros partidos políticos de dereitas, aínda que tamén se podía dar o caso de que un simpatizante deixase a súa casa por un determinado período de tempo. A Xunta de Goberno da mesma quedou constituída da seguinte maneira:

- Presidenta: Mercedes Sánchez Arrieta.

³² GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páxs. 89-92.

³³ *La Voz de la Verdad*, 17 de decembro de 1931, páxs. 1-2.

³⁴ GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páx. 89

³⁵ *La Voz de la Verdad*, 11 de decembro de 1931, páx. 8.

³⁶ PARDO DE NEYRA, Xulio: *Lugo, cultura e república: as manifestacións intelectuais dunha cidade galega entre 1931-1936, A Coruña: Edicións do Castro, 2001*, páx. 88. Sinala este autor que o primeiro deles ocupa o cargo de secretario na Cámara Agrícola de Lugo e foi presidente da Deputación provincial En canto ao segundo, en *La Voz de la Verdad* de 5 de febreiro de 1932, páx.8, especificase que é Vicepresidente primeiro en funcións de Presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación. Actualmente o estadio de fútbol no que xoga o C.D. Lugo leva o seu nome. O seu irmán Jesús Carro Crespo aparece como vogal da Dereita Liberal Republicana en maio de 1931, en Arquivo Histórico Provincial de Lugo, *Fondos do Goberno Civil*, Asociacións. Sinatura: 13040/33.

³⁷ *La Voz de la Verdad*, 17 de decembro de 1931, páx. 1.

³⁸ GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páx. 92.

³⁹ *Ibidem*, páx. 106.

⁴⁰ Arquivo Xeral da Deputación de Lugo, *Censo electoral de 1936, Tomo II*. Sinatura: 7889.

- Vicepresidenta: Ascensión Neyra Arias.
- Secretaria: Irene Montenegro Castro.
- Vicesecretaria: Josefa Carro Crespo.
- Tesoureira: Consuelo Ducás Alba.
- Viceteseoureira: Elisa López Pardo.
- Vogais: Anunciación López Casado, María Ratón Arrojo, María del Pilar García-Diego Barreira, Dolores Carreira Traseira, Ángela Soto Rojas, Carmen Saavedra Ascariz, Josefa Hermida Baamonde e Casilda Iglesias López.

En canto aos Estatutos da Agrupación⁴¹, o máis relevante é a súa lóxica adscrición aos fundamentos do catolicismo político, tal e como se recolle no seu artigo primeiro no que se alude á educación da muller na defensa dos principios de "*Religión, Patria, Familia, Orden, Trabajo y Propiedad*". Á súa vez, empregárase, cando se xulgue conveniente, a propaganda oral e escrita, a celebración de conferencias ou actos de similares características (art. 2). No tocante ás militantes da agrupación distinguírase entre protectoras, activas ou adheridas en función ao grao de vinculación coa mesma, situándose a cota mensual mínima en 25 céntimos para as obreiras e unha peseta para as non obreiras (art. 5). Iso indicaría que a agrupación estaba reservada a unha elite pois, segundo Emilio Grandío, a cantidade que se pagaba mensualmente era de "10 céntimos en las obreras y 25 céntimos en las no obreras. Únicamente se fijó un pago mayor en la Agrupación Femenina Lucense"⁴². Finalmente, anúnciase que en caso de disolución os fondos da organización serán entregados a institucións benéficas ou sociais de carácter católico (art. 14), o cal distou moito da realidade pois o seu capital foi doado en agosto de 1936 á subscripción patriótica, a mesma coa que se sufragou a Guerra Civil española iniciada unhas semanas antes⁴³.

Unha vez erixida, a actividade inicial da Agrupación

Femenina Lucense foi frenética. Deste xeito, pouco despois da creación da organización prodúcese un soado altercado no Concello de Lugo o día 21 de marzo. As fontes consultadas sinalan que a reunión da corporación municipal se tivo que suspender a causa do enfrontamento rexistrado entre o público, composto na súa ampla maioría por mulleres, e os concelleiros da casa consistorial⁴⁴. A prensa católica, que xustificou e apoiou a protesta da súa veciñanza, propalara un rumor días antes no que se anunciaba a intención do Concello lucense de converter a Capela do Hospital nun centro de ensino laico⁴⁵. O descontento non quedou aí, pois dous días despois do incidente anteriormente citado, unha comisión de veciños visitou ao Gobernador e ao Alcalde "para hacerles presente su protesta por los acuerdos que el Ayuntamiento de Lugo prepara, hiriendo los sentimientos religiosos de la totalidad del pueblo lucense".⁴⁶

Practicamente un mes máis tarde, publicábase na prensa afín un escrito da *Agrupación Femenina Lucense* dirixido "a todas las mujeres de la provincia de Lugo"⁴⁷. Na nota deixábase constancia dos principios básicos do catolicismo político, dedicándolle unas cantas liñas a cada un dos mesmos: "*Religión, Familia, Patria, Orden, Trabajo y Propiedad*", colocados todos por orde de prioridade. Respecto ao primeiro "y mayor de nuestros amores", se pedía "libertad y respeto para la Iglesia y sus ministros" á vez que se deixaba entrever un descontento pola supresión do ensino da relixión católica nas escolas. No tocante á Familia advertíase que a defenderían con sacrificio pois "es nuestra carne y nuestro espíritu lo que se quiere destruir". Ocupaba o terceiro lugar da súa escala de preferencias a Patria, da que aseguran que "su gloriosa historia (...) no lograrán borrar ni las calumnias de las sectas ni los desaciertos de la política más demoledora". A continuación, das tres restantes -Orde, Traballo, Propiedade- dise que se alcanzarían coa unión de patróns e obreiros e propietarios e colonos na práctica da xustiza e a

⁴¹Arquivo Histórico Provincial de Lugo, *Fondos do Goberno Civil, Asociaciones*. Sinatura: 13041/50.

⁴²GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA*... páxs. 331-332.

⁴³*La Voz de la Verdad*, 6 de agosto de 1936, páx. 2.

⁴⁴*La Voz de la Verdad*, 22 marzo de 1932, páx. 6. Por su parte, PARDO DE NEYRA, Xulio: *Lugo, cultura e república: as manifestacións*... páx. 179., sinala que a protesta tivo lugar porque no pleno do Concello se ía tratar o asunto do abandono do ensino relixioso nas aulas escolares.

⁴⁵*La Voz de la Verdad*, 17 de marzo de 1932, páx. 8.

⁴⁶*La Voz de la Verdad*, 24 de marzo de 1932, páx. 8.

⁴⁷*La Voz de la Verdad*, 26 de abril de 1932, páx. 8.

caridade. Finalmente, facían un chamamento á “unión, entusiasmo y firmeza para lograr el triunfo del bien” e adiantaban que non defraudarían “las esperanzas que se han puesto en la mujer al traernos a la política”. É obvio o carácter propagandístico deste documento, dirixido, ben á captación de novas afiliadas ou simpatizantes, ben a mulleres molestas coas disposicións do goberno republicano ás cales orientar o sentido do seu voto. Desta maneira, o proselitismo expandiuse notablemente nesta época.

Nesta primeira etapa as tarefas de expansión e reconstrución irán tan da man que serán unha mesma. Así pois, a *Agrupación Femenina Lucense* cultivou un bo ritmo de aceptación, feito verificable no número de filiais que se crean pola provincia. Desta forma, o 2 de xullo afirmase na prensa⁴⁸ que as localidades de Sarria, Chantada, Portomarín, Becerreá e Mondoñedo xa dispoñen de organizacións femininas, á vez que se revela que moi pronto se constituirán outras en Fonsagrada, Quiroga e Palas de Rei, lugar onde finalmente se produce a súa creación ao día seguinte⁴⁹. Con todo, a súa actividade non se reducía á simple propagación do seu ideario pola provincia, senón que tamén revisaban o censo electoral⁵⁰ ou preparaban os actos propagandísticos da dereita católica lucense. Deste xeito, a instancias da recentemente creada *Juventud de la Unión Regional de Derechas* de Lugo oficiase un mitin no Teatro Principal, o 10 de xullo, no que participan membros do catolicismo político lucense e ferrolán⁵¹, destacando a presenza de Mercedes Sánchez Arrieta, Consuelo Ducás, Josefa Carro e Irene Montenegro. Resulta innegable que a reacción das mulleres católicas lucenses atraeu á empresa a un notable número de persoas. Desta forma, revélase que as JURD no momento da súa fundación contaban xa con douscentos afiliados⁵².

⁴⁸ *La Voz de la Verdad*, 2 de xullo de 1932, pág. 6.

⁴⁹ *La Voz de la Verdad*, 5 de xullo de 1932, pág. 8.

⁵⁰ *La Voz de la Verdad*, 29 de novembro de 1932, pág. 8.

⁵¹ GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* pp. 110-111. As JURD créanse xusto dous meses despois da Agrupación Femenina Lucense, o 2 de maio de 1932.

⁵² *Ibidem*, pág. 110. Na prensa do 6 de maio de 1932, páxina 5 de *La Voz de la Verdad* aparecen os nomes de varios destes afiliados. Algúns deles moi vinculados á CEDA en anos posteriores e, incluso, en Falange Española, caso de José Cedrón del Valle.

Neste proceso de reconstrución da dereita lucense, a presidenta -Mercedes Sánchez Arrieta- e secretaria -Irene Montenegro Castro- da organización feminina representaron á localidade amurallada na Asemblea Nacional de Acción Popular en Madrid a finais de outubro, na que se discute a liña do partido respecto ao réxime republicano. Tras isto, en palabras do profesor Grandío, “en la provincia de Lugo se intenta reorganizar el movimiento político desde la base. Se pretende dar una estructura uniforme de partido y dar cuenta de los resultados del Congreso Nacional de AP. Para ello se convocan Asambleas de carácter provincial que agrupan a delegados de toda la circunscripción, unificando criterios y orientaciones”⁵³.

Deste xeito, nos últimos días do mes de novembro ten lugar a primeira Asemblea da *Agrupación Femenina Lucense*⁵⁴, cuxa finalidade era dar a coñecer a actuación da asociación no que levaba de vida. Constitúe un bo exemplo da ideoloxía da organización, que mantén unha defensa do rol tradicional de muller recluída no fogar e dedicada ao coidado dos fillos e ao marido, pero que nas circunstancias excepcionais que se viven, ten que saír transitoriamente ao espazo público para estender, por unha banda, as bondades das súas accións ao conxunto da sociedade e, por outro, axudar no posible a unha dereita española que “va a sentirse robustecida en gran manera con la actuación de la mujer (...) [y servirá] de dique a la formidable ola comunista que amenaza [con] anegar a España”. En palabras da presidenta, Mercedes Sánchez Arrieta: “Nuestra primera obligación es ser católicas de verdad, no de nombre solamente, y cumplir con todo cuidado nuestra ley de amor, especialmente con las clases humildes (...) [ruego] a Dios llegue pronto el día en que, brillando la justicia y la paz, nuestra actuación no sea necesaria”. Agrega a isto a secretaria, Irene Montenegro Castro, que dous son “los principios de orden inmutable y eterno (...), Dios y Patria”.

Doutra banda, a importancia desta fonte reside en que achega información significativa sobre o grao de

⁵³ *Ibidem*, pág. 131.

⁵⁴ *La Voz de la Verdad*, 29 de novembro de 1932, pág. 8.

mobilización alcanzado pola *Agrupación Femenina Lucense*. Deste xeito, Irene Montenegro enumera os pobos da provincia onde existen por aquel entón Comités locais femininos. Engade á localidade de Rábade ás anteriormente citadas unhas liñas máis arriba, á vez que anuncia que van por moi bo camiño as xestións realizadas para a constitución de filiais nas localidades costeiras de Viveiro e Ribadeo, zona esta última na cal se crea o día 15 de decembro⁵⁵. Á súa vez, achega datos estatísticos do número de afiliadas á Agrupación Femenina Lucense na provincia, subliñando que a cantidade rolda a notable suma de seis mil militantes: Capital e partido xudicial de Lugo: 2.027; Becerreá, con delegacións en Cervantes, As Nogais, Neira de Xusá e Triacastela: 1.967; Mondoñedo: 218; Sarria: 646; Palas de Rei: 485; Taboada: 105; Chantada: 700. Tal e como apunta Emilio Grandío, a cifra resulta un tanto elevada, máis aínda se temos en conta o índice demográfico da provincia lucense⁵⁶.

O ano 1932 pecharíase coa visita a Lugo de Gil Robles quen exhortou ás mulleres da Agrupación a prepararse para futuras loitas electorais⁵⁷. O certo é que, independentemente do efecto que tiveron estas palabras do líder do partido na disposición das mulleres, estas levarían a cabo un espectacular labor en todos os sentidos durante o ano 1933. Desta forma, continuaron coa creación de organizacións femininas do seu mesmo signo político pola provincia: en xaneiro fúndanse en Fonsagrada e Viveiro⁵⁸, en febreiro en Monforte⁵⁹, en marzo en Vilalba⁶⁰ e en abril na parroquia de Reiriz⁶¹ (Samos), Samos⁶² e Baamonde⁶³. Se temos en conta as xa amentadas con anterioridade podemos

extraer a conclusión de que o catolicismo feminino tivo máis forza no sur da provincia e nos pobos máis populosos do norte dela⁶⁴. Tradicionalmente estendíase das poboacións máis importantes ás vilas ou municipios de menor extensión⁶⁵, aínda que en Lugo non suceda exactamente así, xa que até decembro de 1932 e marzo de 1933 non ten lugar a fundación de filiais da agrupación nas localidades máis habitadas da provincia. Cúmrese desta forma o apuntado polo profesor Grandío:

“las asociaciones femeninas tienen un mayor grado de espontaneidad en su origen, ya que aunque se originan en los núcleos más urbanizados también se crean en localidades en donde las organizaciones confesionales tienen un gran arraigo”⁶⁶.

En canto aos actos, xeralmente celebrábanse nun local cedido por un simpatizante ou membro da organización masculina do partido que tiña algún familiar ostentando un posto de relevancia dentro da recentemente creada asociación feminina. Asistían desde Lugo as señoras ou señoritas que desempeñaban algún cargo na Xunta Directiva da Agrupación Femenina Lucense. Habitualmente acompañaban á presidenta -Mercedes Sánchez Arrieta- a secretaria ou vicesecretaria xunto a dúas vogais. Adoitaba comezar o acto coa presentación, por parte dalgunha muller que logo integraría o Comité local da formación política feminina, de Mercedes Sánchez Arrieta, quen a continuación pronunciaba un discurso no que expuña o ideario político da Agrupación. Posteriormente, dábase lectura ao Regulamento da organización e procedíase á elección da Xunta de Goberno feminino da localidade. Cabe sinalar que nalgunha destas xornadas, Mercedes Sánchez Arrieta compartía escenario con importantes políticos lucenses, tal e como sucedeu en Baamonde,

⁵⁵ *La Voz de la Verdad*, 16 de decembro de 1932, páx. 8.

⁵⁶ GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páx. 131.

⁵⁷ *La Voz de la Verdad*, 29 de decembro de 1932, páx. 8.

⁵⁸ *La Voz de la Verdad*, 10 de xaneiro de 1933, páx. 8.

⁵⁹ *La Voz de la Verdad*, 19 de febreiro de 1933, páx. 8.

⁶⁰ *La Voz de la Verdad*, 29 de marzo de 1933, páx. 8.

⁶¹ *La Voz de la Verdad*, 5 de abril de 1933, páx. 1.

⁶² *La Voz de la Verdad*, 11 de abril de 1933, páx. 8.

⁶³ *La Voz de la Verdad*, 16 de abril de 1933, páx. 8.

⁶⁴ Así pois, segundo o noso punto de vista: SUR (Sarria, Monforte, Taboada, Chantada, Reiriz e Samos); ESTE (A Fonsagrada e Becerreá); OESTE (Palas de Rei); NORTE (Mondoñedo, Viveiro, Vilalba e Ribadeo); CENTRO (Lugo e Baamonde).

⁶⁵ GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páx. 331.

⁶⁶ GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páx. 329.

lugar onde a acompañou José Cedrón del Valle, personaxe que dous anos máis tarde -28 de marzo de 1935- estaría presente na creación de Falanxe Española na cidade de Lugo⁶⁷.

A temática das diatribas da presidenta da Agrupación se caracterizaba en reincidir unha e outra vez cal era a función principal das mulleres católicas: resgardar “los ideales de la mayoría de las mujeres españolas: ideales de familia y religión”⁶⁸. Recalcaba, polo tanto, que “la mujer debe ser reina en su hogar pero que esto no excluye su actuación en la política, ya que esa actuación completa la obra iniciada en el hogar”⁶⁹. Así pois, sinalaba que a saída ao espazo público da muller sería “para defender el hogar contra las leyes que atentan a la santidad del mismo”⁷⁰. Á súa vez, incidíase novamente en que a propia natureza do xénero feminino sería a adecuada para guiar á familia e paliar ou temperar os defectos dos homes. Debe conservar as virtudes da raza⁷¹. En definitiva, o papel da muller limitárase a “administrar, criar y educar”⁷². Outros asuntos aos que tamén se refería nas súas intervencións serían as nefastas consecuencias do divorcio e a consideración da escola laica como unha escola contra Deus e como un intento por parte do Estado de monopolizar o ensino e arrebatárllo ás nais. Finalmente, deixaba claro que as mulleres católicas como ela cumprían, voluntariamente, ordes sen reparar sobre a idoneidade das mesmas: “(...) no es hora de discutir si gusta o no la mujer metida en política sino que es hora de cumplir el deber. Y los deberes no se discuten”⁷³. Desta forma, demóstrase que as mulleres confesionais estaban en política para seguir o ditado que lles marcaba a xerarquía eclesiástica, converténdose nas protectoras dos intereses relixiosos e “de los religiosos”. No primeiro caso

porque se atentaba contra a natureza mesma destas mulleres, mentres que no segundo porque foron a punta de lanza utilizada polos ministros da Igrexa.

Doutra banda, se nos fixamos no calendario de instauración de asociacións durante os primeiros meses do ano 1933, compróbase que en apenas dúas semanas créanse catro delas entre finais de marzo e mediados de abril. Obedece iso a un intento de dar visibilidade ao proxecto político católico ao longo da provincia lucense, xusto nun momento no que se ían a celebrar eleccións municipais⁷⁴ en España o día 23 do mes de abril⁷⁵. Por iso, as disputas que se rexistraron en diversos actos⁷⁶ -curiosamente en dous deles a escasos días do proceso electoral- merecen todas as nosas reservas, máxime se un olla a retórica da prensa, máis preocupada en moldear a opinión dos seus lectores para conseguir un bo resultado nos comicios que en informar con imparcialidade. No entanto, serven estes altercados para comprobar como se “masculiniza” desde a prensa católica á muller, ao adquirir esta calidades propias do sexo masculino. Pero non só iso, senón que tamén se dá a imaxe dunha muller que se enfronta aos perigos do mundo exterior para defender os seus principios. Desta forma, na rifa que ten lugar no acto de Samos⁷⁷ observamos a unha muller atrevida, sen medo ás ameazas: “(...) ¡Al río con ellas! Ante esto, Mercedes Sánchez Arrieta se encaró

⁶⁷Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Fondos do Goberno Civil, Asociacións. Sinatura: 13045/41.

⁶⁸*La Voz de la Verdad*, 16 de decembro de 1932, páx. 8.

⁶⁹*La Voz de la Verdad*, 16 de decembro de 1932, páx. 8.

⁷⁰*La Voz de la Verdad*, 19 de febreiro de 1933, páx. 8.

⁷¹*La Voz de la Verdad*, 24 de xuño de 1933, páx. 8.

⁷²*La Voz de la Verdad*, 16 de maio de 1933, páx. 2.

⁷³*La Voz de la Verdad*, 19 de febreiro de 1933, páx. 8.

⁷⁴ESPÍN TEMPLADO, Eduardo: “Crisis de gobierno y confianza presidencial en la Segunda República”, en *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, número 17, septiembre-octubre 1980, páx. 89. Na provincia de Lugo estaba convocado a urnas o 21,23 % da poboación. GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* pág. 166, apunta que os pobos de Lugo onde se celebran as eleccións son: Alfoz, Begonte, Bóveda, Cervantes, Cervo, O Courel, O Corgo, Xermade, Guntín, Xove, Lán cara, As Nogais, Ourel, Outeiro de Rei, Paradela, Pastoriza, Riobarba, Rábade, Samos. Polo tanto, se atendemos aos lugares onde se fundaron filiais da *Agrupación Femenina Lucense* vemos que en tan só dous de eles -Begonte (Baamonde pertence a este concello) e Samos- ían producirse eleccións.

⁷⁵Naqueles municipios nos que en 1931 se elixiu a corporación sen votación, municipios en que só se presentou unha candidatura, en virtude do artigo 29 da lei electoral. Son celebradas o 23 de abril de 1933.

⁷⁶En Monforte varios mozos tiraron pedras ao local; en Samos varios homes impediron a celebración do acto e en Baamonde un grupo contrario interrompeu varias veces o discurso dos oradores.

⁷⁷*La Voz de la Verdad*, 11 de abril de 1933, páx. 8.

con el valiente (...) Si no se retiran, comenzaremos a actuar (...) A lo que contestó doña Irene Montenegro: Pues comiencen, a ver en qué consiste esta actuación”.

Ademais de proseguir con estas fundacións, hai que destacar que Mercedes Sánchez Arrieta, a súa tía Josefa Arrieta Fernández e Casilda Iglesias López representaron á *Agrupación Femenina Lucense* no *Congreso de Derechas Autónomas* que tería lugar entre o 28 de febreiro e o 5 de marzo de 1933 en Madrid. A boa consideración que tiña a xente do partido político a nivel nacional da Presidenta da organización lucense, “(...) una muchacha que nunca se había ocupado de política y que solo en obras benéficas y sociales había demostrado sus buenas disposiciones y celo apostólico”⁷⁸, confirmouse ao encargárselle formar parte da mesa da sección segunda -das sete que houbo- dedicada á “*Religión, Familia y Enseñanza*” xunto a Carlos Martín Álvarez, Ramón Prieto e o “cuñadísimo” Ramón Serrano Súñer, personaxe capital na construción do novo réxime franquista uns anos despois. Un dato serve para ratificar a alta estima da que gozaba Mercedes Sánchez Arrieta na organización cedista: de toda a delegación galega que se desprazou á capital, tan só Ruíz del Castillo e ela formaron parte das sete mesas designadas. Á súa vez, a temática sobre a que versaba a sesión por ela presidida está intimamente ligada co ideario que constituía, en gran medida, o eixo central dos discursos que pronunciaba nos actos nos que interviña, tal e como se expuxo ao longo do presente artigo.

Esta inxente cantidade de traballo realizado por unhas mulleres católicas, que non só se ocupaban das actividades políticas, senón que tamén proseguían coas súas tarefas benéficas⁷⁹, non pasou

desapercibida para a prensa confesional da cidade, que as sinalaba como paradigma:

“(...) las mujeres lucenses (...) dando un alto ejemplo de ciudadanía, saben alternar las labores domésticas con la labor organizadora; esa labor que echamos de menos en los hombres de nuestra provincia (...) [y que] debe servirnos (...) de ejemplo a todos. Y debemos tratar de lograr lo que las mujeres van logrando: ir formando núcleos de fuerzas políticas de sana orientación derechista con la que se pueda contar para una acción electoral conjunta”⁸⁰.

Desta maneira, o chamamento da prensa para a creación do partido católico masculino na cidade, ten efecto a partir de febreiro de 1933. Así, desde esta data até a súa definitiva fundación en xullo de 1933 teñen lugar, tal e como indica o profesor Grandío, “numerosas reuniones con el fin de formar definitivamente la sección masculina de la URD”⁸¹. Pola súa banda, durante estes cinco meses, as mulleres lucenses redobraron os seus esforzos para lograr, dunha vez por todas, o establecemento do partido na localidade, polo que se dedicaron a organizar actos tanto na cidade⁸², como pola provincia⁸³. Obsérvase gran actividade durante o mes de xuño, no que se estaba discutindo xa o regulamento da nova entidade política masculina próxima a crearse⁸⁴. Desta forma, pódese concluír que, máis aló de axudar cun último empuxón á súa rama homóloga masculina, as mulleres lucenses capitanearon, como viñan facendo desde facía xa máis dun ano, a propaganda política da provincia xa con vistas a unha futura cita electoral. É máis, redobrouse a presión contra o goberno republicano tal e como o constata o feito de que a

⁷⁸BLASCO HERRANZ, Inmaculada: *Paradojas de la ortodoxia: política de masas y militancia católica femenina (1919-1939)*, Zaragoza. Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2003, páx. 235.

⁷⁹*La Voz de la Verdad*, 4 de xaneiro de 1933, páx. 7; 7 de xaneiro de 1933, páx. 8 e 11 de maio de 1933, páx. 4. Nas dúas primeiras datas sinálase a doazón de roupa de inverno que se fai en “La Gota de Leche”, mentres que na última alúdese a que a “opereta” da devandita asociación presentou a súa obra en Ourense e na Coruña (nesta cidade o 22 de maio de 1933, páx. 8).

⁸⁰*La Voz de la Verdad*, 10 de xaneiro de 1933, páx. 8.

⁸¹GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páx. 159.

⁸²*La Voz de la Verdad*, 21 de febreiro de 1933, páx. 1; 16 de maio de 1933, páx. 2.

⁸³*La Voz de la Verdad*, 3 de maio de 1933, páx. 1 (Vilalba); 13 de xuño de 1933, páx. 4 (Viveiro); 24 de xuño de 1933, páx. 8 (Becerreá); 28 de xuño de 1933, páx. 8 (Gaibor, parroquia próxima a cidade); 3 de outubro de 1933, páx. 8 (Parroquias de Nete e A Torre, en Vilalba).

⁸⁴GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA...* páx. 160.

principios do citado mes de xuño tanto a rama xuvenil da formación política lucense como a Agrupación Feminina mandasen unha telegrama ao Presidente da República para protestar pola Lei de Congregacións Religiosas recentemente aprobada⁸⁵.

A incesante actividade da organización feminina parece reflectirse no incremento do número de afiliadas no conxunto da provincia. Deste xeito, Mercedes Sánchez Arrieta, nun acto celebrado na parroquia vilalbesa da Torre, afirma que xa hai máis de oito mil militantes por aquel entón⁸⁶. Con todo, chama a atención que no último mes antes das eleccións xerais de novembro de 1933 non haxa practicamente ningún mitin, fóra dun celebrado en Fonsagrada⁸⁷ ao que non acode a asociación feminina. Así pois, compróbase que desde o preciso momento que se establece o partido masculino na cidade no mes de xullo de 1933, o labor das mulleres católicas queda relegado a un segundo plano. Así, tan só interveñen a principios de outubro no acto anteriormente referido de Vilalba. Recollerá a súa testemuña a partir de entón a prensa local, a cal a través de artigos de opinión substitúe a oratoria das mulleres da cidade⁸⁸. Augurábase así unha nova dinámica no quefacer diario das católicas lucenses, confirmado tras a vitoria da dereita nas eleccións de novembro de 1933.

BIBLIOGRAFÍA

BLASCO HERRANZ, Inmaculada: *Paradojas de la ortodoxia: política de masas y militancia católica femenina (1919-1939)*, Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2003.

CARBALLO, Francisco e MAGARIÑOS, Alfonso: *La Iglesia en la Galicia contemporánea: análisis histórico y teológico del período 1931-1936, II República*, Madrid: Akal, 1978.

ESPÍN TEMPLADO, Eduardo: "Crisis de gobierno y confianza presidencial en la Segunda República", en *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, número 17, septiembre-octubre 1980, pp. 87-116.

GRANDÍO SEOANE, Emilio: *Los orígenes de la Derecha Gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*, A Coruña: Edicións do Castro, 1998.

PARDO DE NEYRA, Xulio: *Lugo, cultura e república: as manifestacións intelectuais dunha cidade galega entre 1931-1936*, A Coruña: Edicións do Castro, 2001.

PRADA RODRÍGUEZ, Julio e CEBREIROS IGLESIAS, Ana: "Dios ante todo... Religión y movilización católica en la construcción del paradigma de mujer conservadora en los años 30. El caso de Galicia".

<http://www.aeihm.org/sites/default/files/XVColoquio/Sesion4/AnaCebreiros.pdf>.

⁸⁵ *La Voz de la Verdad*, 3 de xuño de 1933, páx. 8.

⁸⁶ *La Voz de la Verdad*, 3 de outubro de 1933, páx. 8.

⁸⁷ *La Voz de la Verdad*, 1 de novembro de 1933, páx. 5.

⁸⁸ *La Voz de la Verdad*, 25 de outubro de 1933, páx. 8; 29 de outubro de 1933, páx. 8. Porén, desde o 13 de outubro comeza "a campaña electoral" desde o periódico católico, con constantes referencias ao que está en xogo no conxunto do país.